



RESOLUCION DA ALCALDIA

En maio de 2021 foron aprobados os Orzamentos municipais nos que se consignaba a cantidade de 1400 euros para o outorgamento da concesión de subvencións de maneira directa ao CEIP Castro de Ouro para o proxecto **INSTALACION CIRCUITOS LUDICOS: ESTRUCTURA LUDICO-DEPORTIVA EN PATIO**, figurando expresamente na Base 33 das de execución do orzamento.

En data 09 de decembro de 2021, n.º RE 606, se presenta por Adrián Suárez Becerra, en representación do CEIP, solicitude de subvención nominativa logo da execución do proxecto referido por importe de 1923,90 euros pola instalación dunha estrutura lúdico-deportiva de madeira tratada para exterior.

Con data 20 de decembro de 20121 emitíuse informe de Secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable para a concesión directa de subvencións. Coa mesma data figura informe no que se acreditaba a consignación de suficiente aplicación orzamentaria nos Orzamentos.

Emitido informe de fiscalización favorable e vistos os artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, artigos 9.2, 22.2, 28, 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, artigos 55, 65, 66 e 67 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, Resolución de 9 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o contido e periodicidade da información a fornecer á nova Base de Datos Nacional de Subvencións, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Ordenanza Reguladora da concesión de Subvencións e as Bases de execución do Orzamento 2021, en concreto a Base 33.

Visto o expediente tramitado, esta Alcaldía en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, RESOLVIN

PRIMEIRO. Conceder ao CEIP Castro de Ouro de Alfoz, provisto de CIF Q2769010F subvención nominativa por importe de 1400 euros por ter executado o proxecto **INSTALACION CIRCUITOS LÚDICOS: ESTRUCTURA LÚDICO-DEPORTIVA EN PATIO**.

SEGUNDO. Proceder á autorización e disposición do gasto, e pagamento por un importe de 1400 euros con cargo ao capítulo IV do vixente orzamento de gastos





da Corporación.

TERCEIRO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención.

CUARTO. A regulación xurídica da subvención referida é a seguinte:

1. Definición do obxecto das subvencións: a execución do proxecto educativo INSTALACION CIRCUITOS LÚDICOS: ESTRUCTURA LÚDICO-DEPORTIVA EN PATIO, con inicio setembro de 2021 ten como destinatarios todo o alumnado do CEIP, de 1º a 6º de Educación Primaria.

O proxecto do único Colexio de Educación Primaria do Concello pretende mellorar a relación entre iguais e a condición física dos alumnos.

O coste executado ascende a 1923,90 euros, que se corresponde coa factura de Instalaciones Bahía Park SL n.º 2210025, de data 19 de novembro, polo concepto Instalación e subministro de xogo Combo 3, por importe de 1590 euros máis IVE. Se aporta foto de parte da citada instalación, e xustificante de abono por transferencia bancaria o día 26 de novembro de 2021. Se declara que non existe ningún outro ingreso ou subvención para a execución da mesma actuación, e se presenta certificados de estar ao corrente coa Axencia Tributaria estatal, de Galicia e coa Seguridade Social. Se presenta foto onde se aprecia publicidade da colaboración do Concello de Alfoz.

2. Réxime xurídico aplicable:

1. *O importe das subvencións en ningún caso será de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos, supere o custo da actividade subvencionada.*

2. *Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.*

3. *O outorgamento das subvencións ten carácter eventual e voluntario, non poderá invocarse como precedente e non será esixible o seu aumento ou revisión.*

4. *En ningún suposto o importe do pagamento da subvención excederá do 100 % do coste neto da actuación subvencionada, considerando como coste neto a diferenza entre os costes e ingresos acreditados en fase de xustificación, deducidas as axudas ou subvencións de outras entidades públicas ou privadas.*

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Son obrigas do beneficiario:

1) *Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.*





- 2) Ter xustificadas as subvencións concedidas por este Concello en convocatorias ou expedientes anteriores, relativos a calquera clase ou tipo de área de actuación.
 - 3) Asumir as responsabilidades que a organización do proxecto ou actividade comporte, e subscribir as oportunas pólizas de seguro que garantan a dita responsabilidade.
 - 4) Xustificar ante o órgano concedinte ou a entidade colaboradora, de ser o caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade ou finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.
 - 5) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedinte ou a entidade colaboradora, se é o caso, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais, como comunitarios, autonómicos ou municipais, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
 - 6) Comunicarlle ó órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- Esta comunicación efectuarase tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- 7) Acreditar, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución da concesión, que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados emitidos polas administracións públicas nacionais e autonómicas competentes.
 - 8) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases e acordos reguladores das subvencións coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
 - 9) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto de control e comprobación.
 - 10) Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
 - 11) Facer constar expresamente na publicidade, difusión e publicacións, que o programa, actividades, investimentos ou actuacións obxecto de subvención contan coa colaboración económica do Concello de Alfoz. Para isto utilizarán o logotipo aprobado polo Concello de Alfoz e, así mesmo, nas bases e acordos reguladores da subvención farase constar a forma e instrumentos a través dos que se dará publicidade e difusión á colaboración económica do Concello.

3. Gastos que se subvencionan e prazo en que deben realizarse.

Subvenciónase a instalación dun circuito lúdico no patio do CEIP para o seu disfrute por todos os alumnos do centro.

Tendo en conta que o proxecto non está vinculado exclusivamente





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

cun curso escolar, o prazo de realización é do curso 2021/2022 e seguintes.

4. Se permite a subcontratación ao 100 % da actividade subvencionada.

5. Pagamentos anticipados:

Non se esixe cofinanciamento mínimo polo beneficiario.

Na medida en que o coste xa está xustificado, non procede tramitar a concesión de anticipos.

6. Compatibilidade da subvención .

A presente subvención será compatible con calesquera outras axudas ou subvencións otorgadas por entidades privadas ou públicas, sen perxuício de terse en conta para a redución da cantidade definitiva de concesión da axuda unha vez presentada a conta xustificativa e procedencia de reintegro, no seu caso.

7. Prazo de vixencia:

A vixencia da presente subvención vence coa finalización da execución da actuación.

En Alfoz, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente

Asdo. Jorge Val Díaz.



Cod. Validación: 7NGAJWR2RD6GQALONL5RRQNMF | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4